

## Parada programada na área de Conversión

# REPSOL DESTINA 7 MILLÓNS DE EUROS Á PARADA DE MANTENIMENTO DA REFINERÍA DA CORUÑA

- Ademais do persoal de Repsol, na parada participarán unha vintena de empresas auxiliares que teñen implantación local ou rexional, cunha estimación de 460 persoas de media e puntas de 620 traballadores.
- A parada programada de mantemento levará a cabo en seis unidades situadas na área de Conversión.
- O obxectivo principal desta parada é realizar a inspección oficial dos equipos de presión segundo os requirimentos normativos, así como executar traballos de mantemento e inspección.
- Crearase un grupo de coordinación de seguridade para a parada que funcionará as 24 horas.

A Refinería de Repsol na Coruña destinará 7 millóns de euros á revisión programada de seis unidades situadas na área de Conversión situada en Arteixo. A parada comezará a próxima semana e levará a cabo de forma graduada, tendo unha duración aproximada dun mes. O resto das unidades do Complexo funcionarán con normalidade, sen afectar á súa actividade.

O obxectivo desta parada é realizar a inspección oficial dos equipos de presión segundo os requirimentos normativos, así como executar traballos de inspección e mantemento que non se poden realizar coas unidades en servizo. Todo iso supoñerá unha mellora operativa das unidades e da súa seguridade, así como un aumento da eficiencia enerxética que permitirá reducir as emisións de CO2.

O equipo de parada de Repsol integra a profesionais de todos os departamentos da Refinería da Coruña. Na execución destes traballos participarán unha media de 460 persoas, con puntas de 620 traballadores pertencentes a unha vintena de empresas metalúrxicas, mecánicas, de andamiaxe, electricidade,

limpeza, pintura e calorifugado, que teñen implantación local ou rexional. Unha parte importante do seu persoal provén da área de influencia da Coruña e Arteixo.

O principal obxectivo de Repsol é a seguridade de todos os traballadores que participarán na parada e, por esta razón, a coordinación realizarase incorporando protocolos específicos de seguridade naquelas tarefas que o requiran. Existirá unha coordinación de seguridade nomeada especificamente para a parada. Este grupo funcionará as 24 horas e encargarse de velar pola prevención e xestión de todos os aspectos de seguridade. As persoas que traballan na parada teñen uns requisitos de formación en seguridade, que ademais se reforzan con formación específica sobre a parada e os traballos que se van a desenvolver.

### **As unidades da parada**

As unidades de Conversión permiten volver procesar fraccións de menor valor obtidas nos procesos de destilación de cru e conseguir produtos destilados con maior valor engadido. En concreto, pararanse a planta de coxeneración 2, que produce electricidade para autoconsumo e exportación á rede eléctrica, así como a unidade de calcinación de coque, cuxo produto se destina principalmente a empresas de aluminios. Ademais destas dúas plantas, se para unha sección de tratamento de produtos intermedios destinada a conseguir combustibles máis limpos coa eliminación de xofre.

Durante os primeiros días, coa fase de parada de unidades, os procedementos operativos requirirán do envío controlado e puntual aos fachos de excedentes de elementos gasosos propios do proceso para a súa combustión. Por esta razón, en determinados momento os fachos poderán ter unhas dimensións maiores das habituais, unha circunstancia normal nesta fase do proceso, que se realiza de forma totalmente controlada e segura.

### **Minimización da afluencia de tráfico**

Dentro dos traballos organizativos da parada tomáronse medidas para paliar inconvenientes nos accesos, principalmente os da Avenida do Butano. Para minimizar o tráfico de vehículos, repartiuse o acceso de persoal de empresas contratistas entre as dúas entradas principais e establecéronse catro zonas de aparcadoiro, instando as empresas ao uso de vehículos colectivos de lanzadeira.